

## A “cuestión palestina” regresa á ONU

*José Abu-Tarbush*

**O** balbordo causado pola iniciativa palestina para ingresar como Estado membro de pleno dereito na Organización das Nacións Unidas (ONU) foi o principal tema da 66ª sesión anual da súa Asemblea Xeral (AX), iniciada en setembro de 2011. Durante a espera para o pronunciamento definitivo do Consello de Seguridade (CS), a Palestina foi aceptada como Estado membro na UNESCO a finais de outubro. Finalmente, o pasado 11 de novembro de 2011, o Comité de Adhesión non alcanzou un acordo unánime para que se debatese e votase no seo do CS.

Pese ao consenso internacional acerca da solución do conflito sobre a base dos dous Estados, ademais do respaldo maioritario dos Estados integrantes da ONU á proposta palestina, tamén se rexistraron algunhas significativas discrepancias e até unha frontal oposición por parte de varios Estados europeos, xunto ás de EE.UU e Israel. Novamente, o conflito israelo-palestino foi descarrilado dunha das súas posibles vías de resolución, a opción dos dous Estados, reforzando, de modo non intencionado, a opción dun só Estado.

### **Unha iniciativa frustrada...**

---

A pesar de todas as presións e até ameazas vertidas para que desistise do seu propósito, a iniciativa palestina foi presentada ante a 66ª sesión anual da AX da ONU. O 23 de setembro de 2011, o presidente da Organización para a Liberación da Palestina (OLP) e, ao mesmo tempo, presidente en funcións da Autoridade Palestina (AP), Mahmud Abbas, dirixiuse á AX e entregou ao Secretario Xeral da ONU, Ban Ki-moon, a solicitude formal de ingreso da Palestina como Estado membro de pleno dereito na citada institución.

Nas súas sucesivas intervencións, a maioría dos diferentes mandatarios mundiais pronunciáronse nun sentido ou outro, sen eludir a polémica, constatándose así a importancia adquirida pola cuestión palestina na sesión anual da AX (2011). Desde o primeiro momento, foi sintomático que na intervención inicial de Dilma Rousseff, presidenta do Brasil, se fixese eco da iniciativa palestina positivamente<sup>(1)</sup>. En suma, por uns días, todos os focos da atención mundial centráronse no debate ao redor da admisión do Estado palestino na ONU.

---

(1) Non menos significativo foi que, por primeira vez na historia da ONU, unha muller abriera coa súa intervención a sesión anual da súa Asemblea Xeral.